

NOTA INTERIOR

DE: Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental

A: Secretaría Xeral Técnica

ASUNTO: Resposta Queixa - Sistema Integral de Atención á Cidadanía (SIACI)

REF. 2021/Q-02493

Con data 10/09/2021 tivo entrada no Sistema Integral de Atención á Cidadanía (SIACI) a queixa 2021/Q-02493 presentada por Francisco Jesús Lueiro García, como presidente da ASOCIACION ECOLOGISTA ARCO IRIS, relativa á existencia dun depósito de cianuro dentro das antigas instalacións da Fábrica de Armas da Coruña, que se atopa en proceso de reconversión para instalar a cidade das TIC.

Realizadas as pertinentes consultas dentro do ámbito de competencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, o Servizo de Intervención Ambiental informa do seguinte:

Con data 01/10/2021 tivo lugar unha inspección ambiental ás instalacións da Fábrica de Armas de A Coruña, Palavea s/n, CP 15170 A Coruña, para comprobar a existencia de residuos perigosos no interior das instalacións e o seu estado.

Informar que dende 2020 as instalacións pasan a mans do Ministerio de Defensa que con data 18/02/2020 firma a Resolución pola que se outorga concesión demanial (uso especial ou privativo das instalacións de dominio público por un período maior a 4 anos) á Universidade da Coruña para ubicar nelas, en colaboración con outras institucións públicas e privadas, un polo industrial e tecnolóxico dedicado ás tecnoloxías da información e telecomunicación TIC.



Como resultado da visita, comunícase á Universidade da Coruña que todos os residuos da instalación da Fábrica de Armas (perigosos e non perigosos) deben retirarse e entregarse a un xestor autorizado nun prazo non superior a 3 meses dende a firma da acta de inspección (data 13/10/2021).

Santiago de Compostela,

A subdirectora xeral de Coordinación Ambiental

(asinado dixitalmente)

M^a Mar Ferreiro Broz

